

DATOS IDENTIFICATIVOS

Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución

Materia	Introdución aos ámbitos de especialización para a tradución e a interpretación e aspectos profesionais da tradución			
Código	V01G230V01621			
Titulación	Grao en Tradución e Interpretación			
Descritores	Creditos ECTS	Sinale	Curso	Cuadrimestre
	6	OB	3	2c
Lingua de impartición	Castelán Galego			
Departamento	Tradución e lingüística			
Coordinador/a	Pérez Rodríguez, José Henrique			
Profesorado	Pérez Rodríguez, José Henrique			
Correo-e	jhpr@uvigo.es			
Web	http://webs.uvigo.es/jhpr			
Descrición xeral	Recoñecemento dos ámbitos de especialización máis destacados no que ten que ver coa tradución e a interpretación como actividades profesionais, así como dos aspectos relativos á profesión de tradutor e intérprete. O curso está estruturado en dous bloques. No primeiro deles faise unha introdución á tradución e interpretación especializadas. No segundo preséntanse diversos aspectos socio-laborais de interese para o exercicio profesional. Para aproveitar a materia de xeito adequado necesítanse coñecementos básicos de lingüística.			

Competencias

Código	
A1	Que os estudantes demostren posuír e comprender coñecementos nunha área de estudo que parte da base da educación secundaria xeral e adoita atoparse a un nivel que, malia se apoiar en libros de texto avanzados, inclúe tamén algúns aspectos que implican coñecementos procedentes da vangarda do seu campo de estudo.
A2	Que os estudantes saiban aplicar os seus coñecementos ó seu traballo ou vocación dunha forma profesional e posúan as competencias que adoitan demostrarse por medio da elaboración e defensa de argumentos e a resolución de problemas dentro da súa área de estudo.
A4	Que os estudantes poidan transmitir información, ideas, problemas e solución a un público tanto especializado coma non especializado.
A5	Que os estudantes desenvolvan aquelas habilidades de aprendizaxe necesarias para emprender estudos posteriores cun alto grao de autonomía.
C2	Coñecemento de culturas e civilizacións estranxeiras
C8	Destreza para a procura de información/documentación
C9	Coñecemento dos aspectos económicos e profesionais
C24	Capacidade de aprendizaxe autónoma
C25	Coñecementos de cultura xeral e civilización
C26	Coñecementos temáticos básicos de cada unha das especializacións
D6	Capacidade de xestión da información
D13	Traballo nun contexto internacional
D15	Aprendizaxe autónoma
D17	Comprensión doutras culturas e costumes

Resultados de aprendizaxe

Resultados previstos na materia	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Presentación *panorámica do mundo da tradución especializada e das súas características e circunstancias específicas no que respecta ás linguas de traballo da titulación.	A2 A5	C2 C9 C25 C26	D6 D13 D17
Coñecer as características fundamentais dos xéneros textuais máis importantes dos ámbitos de especialización.	A1 A5	C9 C25 C26	D13 D17
Desenvolvemento da capacidade de identificar e lidar cos problemas *traductológicos que ofrecen os diferentes ámbitos de especialización.	A2 A5	C2 C8 C24 C25 C26	D6 D15
Coñecer os aspectos profesionais máis importantes da profesión de tradutor e intérprete.	A2 A4	C8 C9 C26	D6 D15

Contidos	
Tema	
Especialización	1 - Caracterización e definición da tradución e interpretación especializadas 2 - Tradución e interpretación especializadas cara ás linguas da titulación. Aspectos lingüísticos e terminolóxicos. 3 - Principais ámbitos de especialización: xurídico-administrativo, económico-empresarial, científico-técnico, cultura e servizos 4 - Outras modalidades de especialización: tradución xurada, tradución literaria, revisión de textos, interpretación especializada... 5 - Ferramentas para a tradución e para a interpretación especializadas. Pautas de neoloxización. 6 - Organización conceptual e disciplinaria dos ámbitos de especialización máis relevantes.
Aspectos profesionais	1. Introdución aos aspectos socioprofesionais da tradución 2. Características da tradución profesional

Planificación			
	Horas na aula	Horas fóra da aula	Horas totais
Actividades introdutorias	1	0	1
Eventos científicos	6	6	12
Lección maxistral	33	66	99
Exame de preguntas obxectivas	3	15	18
Traballo	5	15	20

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientador, considerando a heteroxeneidade do alumnado.

Metodoloxía docente	
	Descrición
Actividades introdutorias	Explicación da programación docente e avaliación desta materia.
Eventos científicos	Asistencia a eventos divulgativos realizados por relatores de prestixio co fin de profundar nos contidos da materia.
Lección maxistral	Nas sesións maxistrais os docentes transmitirán aos estudantes os coñecementos básicos de tipo teórico acerca da tradución especializada e da tradución e interpretación como actividades profesionais. Estimularase a participación dos estudantes mediante o fomento de debates de grupo, treboadas de ideas, etc. Os materiais docentes empregados irán estando à disposición dos estudantes na páxina web da materia (http://webs.uvigo.es/jhpr) segundo for avanzando a docencia da mesma.

Atención personalizada	
Metodoloxías	**Descrición**

Lección maxistral	O docente estará a disposición dos estudantes para resolver as dúbidas que poidan xurdir con relación aos contidos da materia, tanto nas aulas como no seu horario de atendemento. Os materiais docentes empregados irán estando à súa disposición na páxina web da materia (http://webs.uvigo.es/jhpr) segundo for avanzando a docencia da mesma. Opcionalmente, poderán estar tamén disponíbeis en algunha das plataformas de teledocencia da Universidade.

Avaliación

	Descrición	Cualificación	Resultados de Formación e Aprendizaxe		
Exame de preguntas obxectivas	Ao longo do curso realizaranse tres probas. A primeira delas terá lugar na semana seguinte á finalización da unidade "Características das línguas de especialidade e realidades afins", que desenvolve os temas 3 e 6 do temario. A segunda, na semana posterior á finalización da unidade "Pautas para a modernización terminológica. Resolución de casos práticos", que desenvolve o tema 5 do temario; e a última proba terá lugar na última semana de docencia da materia. No caso de non ser posíbel a realización de algunha proba nesas datas, trasladarase ao primeiro día útil posterior. Cada unha das probas é de realización obrigatoria para poder pasar a materia. A nota media ponderada das tres probas suporá 80% da cualificación final.	80	A1 A2 A4 A5	C2 C9 C24 C25 C26	D6 D13 D15 D17
Traballo	Cada estudante realizará un traballo que será desenvolvido en equipo con outros estudantes e deberá ser entregado no primeiro día de aulas da terceira semana previa à finalización do período de docencia da materia. Posteriormente, os traballos serán expostos nas clases e avaliados polo docente. A realización desta proba é obrigatoria para poder pasar a materia.	20		C2 C9 C25 C26	D6 D13 D17

Outros comentarios sobre a Avaliación

Para poder acollerse ao sistema de avaliación continua é preciso realizar a totalidade das probas e encargos formulados durante o curso. Para aprobar a materia precísase obter como mínimo unha nota media (ponderada) de aprobado no conxunto das probas. As probas consistirán en preguntas de tipo test, preguntas de resposta curta ou preguntas de resposta longa. Os estudantes que optaren pola avaliación única serán examinados exclusivamente mediante unha única proba, correspondente ao conxunto da materia, que será de tipo test, resposta curta ou resposta longa. Tal proba terá lugar na data marcada no calendario de exames aprobado en Xunta de FFT. Os estudantes que seguiren o procedemento de avaliación continua e non tiveren superado o conxunto das probas e traballos establecidos, ou tiveren perdido a posibilidade de seguir ese sistema de avaliación (non realización dos traballos ou probas, apreciación de plaxio ou copia nalgún dos traballos...), perderán esa convocatoria e deberán dar conta de novo do conxunto da materia. En caso de así desexaren, poderán acudir á convocatoria de xullo ou a convocatorias posteriores. A convocatoria de xullo tamén consistirá nunha única proba, correspondente ao conxunto da materia, e será de tipo test, resposta curta ou resposta longa. Terá lugar na data marcada no calendario de exames da FFT.

Bibliografía. Fontes de información

Bibliografía Básica

Croft, William, **Explaining language change: An evolutionary approach**, Pearson Education, 2000

Lérat, Pierre, **Las lenguas especializadas**, Ariel, 1997

De Cea, Guadalupe Aguado, **Diccionario comentado de terminología informática**, Paraninfo, 1996

Rico Pérez, Celia, **Guía de supervivencia para traductores**, Pie de Página, 2017

Ullmann, Stephen, **Semântica: uma introdução à ciência do significado**, Fundação Calouste Gulbenkian, 1987

Malmberg, Bertil, **Los nuevos caminos de la lingüística**, 9, Siglo XXI, 1975

Bibliografía Complementaria

Alcaraz Varó; Martínez, J. M e Yus Ramos, F. (ed), **Las lenguas profesionales y académicas**, Ariel, 2007

Gile, Daniel, **Basic concepts and models for interpreter and translator training**, John Benjamins, 2009

Gómez de Enterría Sánchez, J., **El español lengua de especialidad: enseñanza y aprendizaje**, Arco/Libros, 2009

Said, Fabio M, **Fidus interpres: A prática da tradução profissional**, 2011

Cabré Castellví, M. Teresa, **Theories of terminology: Their description, prescription and explanation**, vol. 9, no 2, p. 163-199, Terminology, 2003

De Saussure, Ferdinand, **Cours de linguistique générale**, Payot, 1976

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Introdución á teoría da tradución e a interpretación/V01G230V01210